

### Dirección da xornada:

D. Jaime Cabeza Pereiro. Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo.

Dona Marisa Peña Cebreiro. Secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais.

### Número de prazas:

Prazas limitadas ata completar aforo.

### Persoas destinatarias:

- Organizacións empresariais e sindicais.
- Alumnas e alumnos de Dereito e Relacións Laborais da Universidade de Vigo.
- Avogados/as e Graduados/as Sociais.
- Profesionais vencellados coa materia e persoas interesadas nesta.
- Empresas e traballadores/as da zona franca de Vigo.

### Inscricións:

As inscricións, que serán gratuítas, tramitaranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, do 22 de novembro ao 9 de decembro de 2016, nos seguintes lugares:

Para o alumnado da Universidade de Vigo: Área de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Campus As Lagoas, s/n. Vigo.

Para as organizacións empresariais, sindicais e profesionais: Consello Galego de Relacións Laborais. Rúa Algalia de Abaixo, 24. Santiago de Compostela.

### Diploma:

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada.

### XORNADA

### “A CONTRATACIÓN LABORAL NA CONXUNTURA ACTUAL”



### Información e inscricións:



Consello Galego de Relacións Laborais

Tfno. 981 957 489.- Fax: 981 541 610

[maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal](mailto:maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal)

Universidade de Vigo

Tfno.: 986 818 794

[pierrecialti@uvigo.es](mailto:pierrecialti@uvigo.es)

Consortio Zona Franca de Vigo

Tfno.: 986 120 744

[zonafrancavigo@zonafrancavigo.com](mailto:zonafrancavigo@zonafrancavigo.com)

# XORNADAS 2016

## A CONTRATACIÓN LABORAL NA CONXUNTURA ACTUAL



# A CONTRATACIÓN LABORAL NA CONXUNTURA ACTUAL

## Organiza:

Consello Galego de Relacións Laborais.

Departamento de Dereito do Traballo da Universidade de Vigo.

Consortio da Zona Franca de Vigo.

**Data:** 12 de decembro de 2016.

**Lugar:** Auditorio do Museo do Mar de Galicia.  
Avda. Atlántida, 160. 36208 Vigo.

**Luns, 12 de decembro de 2016**

**15:45** Acreditación e recollida de documentación.

**16:00** Inauguración.

**16:15** Primeira mesa redonda: **DEBATES ACTUAIS DA CONTRATACIÓN LABORAL NO MODELO ESPAÑOL**

*D. Guillermo Leandro Barrios Baudor. Profesor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social (acreditado a catedrático) da Universidade Rey Juan Carlos de Madrid.*

**O contrato único.**

*Dna. Olimpia Molina Hermosilla. Profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Jaén.*

**Relacións temporais de servizos nas Administracións Públicas.**

**17:15** Debate

**17:30** Segunda mesa redonda: **A EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN LABORAL NA CONXUNTURA ACTUAL**

Interveñen representantes de UGT-Galicia, SN de CCOO de Galicia, CIG e CEG.

**18:30** Debate.

**18:45** Pausa café.

**19:15** Terceira mesa redonda: **O IMPACTO DA DIRECTIVA 1999/70/CE E DA XURISPRUDENCIA DO TXUE**

*D. Jaime Cabeza Pereiro. Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo.*

**Encadenamentos de contratos temporais. Límites e corrección.**

*Dna. Pilar Núñez-Cortés Contreras. Profesora titular de área Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade Loyola de Andalucía.*

**O principio de igualdade entre traballadores indefinidos e temporais.**

**20:15** Coloquio.

**20:30** Peche da xornada

## RESUMO DA XORNADA

Unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, ditada o pasado 14 de setembro, está a conmocionar o mundo laboral e reabre o debate respecto á dualidade da contratación laboral no noso país. O Tribunal europeo establece unha contradición da normativa comunitaria coa española na prohibición de discriminación na indemnización por extinción do contrato de traballo de fixos e temporais comparables. A sentenza vincula aos tribunais españois e xa son coñecidas os pronunciamentos dalgúns Tribunais, como o Superior de Xustiza de Madrid, o Superior de Xustiza do País Vasco e máis cerca de nós, o Xulgado do Social número 2 de Ourense, que fallan a favor do establecemento dunha indemnización igual pola finalización do contrato temporal e a dos contratos fixos por causas obxectivas, sempre que as funcións realizadas en virtude de ambos tipos de contrato sexan equiparables.

Ademais desta importantísima sentenza, o Tribunal de Xustiza da UE ditou outras dúas sentenzas, todas elas o 14 de setembro de 2016, que afectan ao réxime legal aplicable ás prestacións de servizos de carácter temporal, especialmente no ámbito das Administracións Públicas.

Todo isto cómpre analízalo da man das persoas expertas que nos acompañan nesta xornada, na que coñeceremos tamén o parecer das organizacións sindicais e empresarial máis representativas de Galicia acerca da evolución da contratación laboral na conxuntura actual.

Como ven sendo habitual nos últimos anos, esta xornada organízase conxuntamente polo Consello Galego de Relacións Laborais e o Departamento de Dereito do Traballo da Universidade de Vigo, punteiro a nivel estatal en investigación e grazas á inestimable colaboración do Consortio da Zona Franca de Vigo, sempre activo na procura da prestación de servizos ás empresas nel integradas.

Esperamos que esta xornada sexa de utilidade e que contribúa á formación, difusión e debate neste sempre cambiante mundo das relacións laborais.